



## **COMITÉ GALEGO DE XUÍCES**

**ACTA 28 – REUNIÓN XUNTA DIRECTIVA 13/01/2019**

<b>Data:</b>	13 de xaneiro de 2019	
<b>Hora de comezo:</b>	16:25	
<b>Hora de remate:</b>	19:30	
<b>Lugar:</b>	Sala de xuntas – Delegación da FGA en Ourense	
<b>Asistentes:</b>	Eloy Bretal Cancelas	Presidente do CGX
	Ángel López-Montesinos Vázquez	Vicepresidente do CGX
	Guillermo Sandino Leira	Secretario do CGX
	David Corredoira Vázquez	Vogal delegación de Lugo
	Elena Álvarez Mondelo	Vogal delegación de Ourense
	Berta Bretal Cancelas	Vogal delegación de Pontevedra
	Andrés Anxo Pérez Sánchez	Vogal delegación de Santiago
	Mª Concepción Pérez Cerdeira	Vogal delegación de Vigo
	Begoña Rodríguez Quintia	Vogal delegación de Ferrol
	Montserrat Barrio Rodríguez	Vogal delegación de Valdeorras
	Rubén Martínez Vega	Vogal asesor de formación de FF
	Jorge Blanco Chao	Vogal asesor de ruta
	Mª Dolores Rojas Suárez	Vogal asesora de marcha
	Manuel Garrido Toro	Vogal asesor de saídas
	Francisco Javier Guijarro Díaz	Vogal asesor de informes de XXAA
<b>Ausentes:</b>	Rocío López Schmidt	Vogal delegación de A Coruña
	Ángel Fidalgo Vázquez	Vogal asesor de FF



## **ACTA DA REUNIÓN**

Ábrese a reunión ás 16:25 coa ausencia dos citados na cabeceira e agardando pola chegada de David Corredoira, que notifica a súa confusión pola sede da reunión. Mentres se agarda pola súa chegada, decide comezar o debate sobre a placa Ramón Docal comentando os candidatos presentados e notificados ao secretario do CGX.

Unha vez incorporado David Corredoira, dáse comezo á reunión.

O presidente saúda aos presentes e presenta aos novos delegados. Agradece aos delegados saíntes de Ourense (Yolanda Pavón), Santiago (Rogelio Santos) e Lugo (Estela Fernández) o seu traballo e a súa colaboración co CGX durante estes anos. Procede a presentar as novas incorporacións a esta xunta directiva: delegados de Santiago (Anxo Pérez), Lugo (David Corredoira) e Ourense (Elena Álvarez). Prosegue presentando aos novos asesores: Javier Guijarro e Rubén Martínez. Explica ademais as súas atribucións: Javier Guijarro recibirá e revisará os informes de xuíces árbitros e Rubén Martínez coordinará a formación de xuíces de foto finish. O presidente desexa sorte a toda a nova xunta directiva nesta nova etapa e agradece a todos aos seus membros o seu compromiso co CGX reiterando que ningún membro da xunta directiva recibe atribución ningunha polo seu traballo.

A continuación toma a palabra o secretario do CGX para tratar o tema do novo procedemento de petición de xuíces. Comenta que se incorpora Berta a botar unha man a Guillermo Sandino neste asunto, xa que o traballo semanal que require se multiplica co aumento das probas. Explica que a partir de agora os xuíces se pedirán nun grupo de Whatsapp e logo Berta Bretal ocuparase de contactar e trasladar as peticións ás delegacións da provincia de Ourense e Pontevedra e Guillermo Sandino ás delegacións das provincias de Coruña e Lugo. Ambos coordinaranse para decidir a que delegacións se piden os xuíces.

Eloy Bretal comenta que é importante o concepto de “tantear” aos xuíces. Insiste en que moitas veces pediremos que pregunten aos xuíces se poden acudir e logo confirmaremos ou non a necesidade segundo as peticións recibidas e as respostas das delegacións. Insiste en que fagan entender iso aos xuíces.

Guillermo Sandino insiste en que os martes pola mañá deben saberse as necesidades de xuíces para a fin de semana, para poder dar marxe a pedir ás delegacións. Eloy Bretal comenta que se, unha vez pedidos xuíces, un xuíz local se anota pasado o martes, debe deixarse sen actuar a ese xuíz xa que os xuíces xa se pediron. Comenta Manuel Garrido que facendo isto acostúmase aos xuíces a confirmar no prazo acordado.

Pásase ao seguinte punto da orde do día: O novo Regulamento do CGX. O presidente pasa a palabra a Guillermo Sandino quen fai unha lectura do mesmo e explicación dos grandes cambios. Explica Guillermo Sandino que os cambios son en dous sentidos: adaptación do regulamento aos novos estatutos da FGA e modernización do mesmo reflectindo por escrito a maneira de funcionar que tiñamos no CGX ademais de incorporar os cambios propios do CNJ e as novas tecnoloxías.



Chégase ao punto da limitación de idade dos xuíces. Comenta Dolores que neste tema sempre seguimos as indicacións do CNJ aceptando a categoría de xuíces honorarios cando existían no CNJ e que ela avogaba por seguir facéndoo agora que o CNJ limita a idade dos xuíces a 75 anos e fai desaparecer a categoría de honorario. Ángel López-Montesinos comenta que se queremos limitar a idade ten que pórse por escrito, non podemos delegar na FGA se esta non pon límite no seu regulamento de licenzas xa que poderíamos ter problemas legais. Hai un gran debate neste tema comentando os problemas que daría non pór límite ou os que daría pór un límite tendo xuíces nesas circunstancias. O presidente decide someter a votación por separada do Regulamento este punto, polo tanto vótase:

**Votación: Limitar no Regulamento do CGX a idade dos xuíces a 75 anos tal como o fai o CNJ.**

Votos a favor: 7

Votos en contra: 4

Abstencións: 4

Manifestan que consten en acta os seus votos en contra os seguintes membros: Montserrat Barrio, Elena Álvarez, Ángel López-Montesinos e Manuel Garrido.

Queda aprobada por maioría simple a incorporación da limitación de idade a 75 anos ao futuro Regulamento do CGX.

Coméntase a continuación que denominación terán estes xuíces que xa son maiores de 75 anos que non poden renovar a licenza. Varios presentes comentan que a palabra aspirante non é apropiada. Acórdase volver ao termo auxiliar tanto para estes xuíces como para os aspirantes a xuíz.

Unha vez votado este punto, Dolores Rojas comenta que estes xuíces que xa non poden renovar a licenza non deberían poder acudir co uniforme do CGX. En xeral estase de acordo neste tema, Ángel López-Montesinos comenta que se non poden renovar a licenza, o lóxico é que non leven a indumentaria de xuíz. Apoian as súas palabras varios dos presentes. O presidente pide que se vote:

**Votación: Non permitir utilizar o uniforme de xuíz aos xuíces maiores de 75 anos que non poden renovar a licenza.**

Votos a favor: 15

Votos en contra: 0

Abstencións: 0

Queda aprobada por unanimidade a dita limitación.

Unha vez aprobados os ditos puntos do Regulamento, procédese á votación do texto completo.



### **Votación: Novo Regulamento do Comité Galego de Xuíces**

Votos a favor: 15

Votos en contra: 0

Abstencións: 0

Queda aprobado por unanimidade o novo Regulamento. O secretario do Comité redactará o texto final e darase traslado do mesmo ao presidente da FGA, en cumprimento dos estatutos, para o seu traslado á Comisión Delegada para o seu estudo e aprobación, se procede.

Unha vez aprobado o Regulamento, pásase a aprobar a nova composición da Comisión de Réxime Interno que define o mesmo (antiga Comisión Permanente). Coméntase entre os presentes que a composición anterior funcionou de maneira acertada e hai acordo en manter os mesmos membros. A composición da Comisión de Réxime Interno que se leva a votación é a seguinte:

Presidente: Eloy Bretal Cancelas  
Secretario: Guillermo Sandino Leira (sen voto)  
Vogal: Begoña Rodriguez Quintia  
Vogal: Manuel Garrido Toro  
Reserva: Rocío López Schmidt

### **Votación: Composición da Comisión de Réxime Interno do CGX**

Votos a favor: 15

Votos en contra: 0

Abstencións: 0

Quedando aprobada por unanimidade a dita composición, que se manterá co nome da Comisión Permanente ata que o novo Regulamento do CGX sexa aprobado pola Comisión Delegada da FGA.

O seguinte punto da orde do día é a elección da Placa Ramón Docal 2018. O secretario procede á lectura do regulamento da placa e explica a votación e os candidatos recibidos. Os candidatos recibidos son os seguintes:

Luis Gómez Fiaño  
Mercedes García Cayo  
Mercedes Diéguez González  
M<sup>a</sup> Carmen Pérez Conde



Ramón Jorge Touriño Lado

Procédese a unha primeira ronda de votacións nos que cada membro da xunta pode votar ata 3 candidatos. O voto será segredo. O resultado desta primeira ronda é o seguinte:

**Votación: 1ª Ronda Placa Ramón Docal 2018**

Mª Carmen Pérez Conde 10 votos

Luis Gómez Fiaño 6 votos

Mercedes García Cayo 6 votos

Mercedes Diéguez González 5 votos

Jorge Touriño Lado 1 voto

Votos nulos 1

Votos en branco 2

Seguindo o regulamento da placa, o secretario comenta que pasan á segunda ronda os candidatos: Mª Carmen Pérez Conde, Luis Gómez Fiaño e Mercedes García Cayo. Nesta ronda os membros poden votar un único candidato. Os resultados son os seguintes:

**Votación: 2ª Ronda Placa Ramón Docal 2018**

Mª Carmen Pérez Conde 7 votos

Mercedes García Cayo 4 votos

Luis Gómez Fiaño 1 voto

Votos en branco 3

Queda concedida a placa Ramón Docal 2018 a Mª Carmen Pérez Conde da delegación de Ourense. O presidente comunicará esta decisión á galardoada e pide discreción aos membros da xunta ata que o faga. Trasladarase esta decisión ao presidente da FGA para que se poida facer entrega da placa na vindeira gala do Atletismo Galego.

Terminado este punto da orde do día, o presidente fala dos campionatos deste inverno e destacando o Campionato de España Máster a celebrar en Ourense. Comenta os criterios do CGX para o xurado do mesmo, remarcando que o dito xurado se fará desde o CGX. Coméntase que xa esta fin de semana se pedirá dispoñibilidade aos xuíces nivel 2 e nivel 3 para o campionato, tendo estes prioridade para acudir ao mesmo. Tamén se comenta que as delegacións deberán sondar aos seus xuíces nivel 1.



Sobre os novos xuíces nivel 1 se comenta que a licenza cada vez é máis cara e hai q buscar solucións para paliar este problema. Dolores Rojas comenta estudar a posibilidade de pagar a prazos ou descontalo das actuacións. Trasladará este tema ao Departamento de Contabilidade para o seu estudo.

O secretario dá a coñecer os nomeamentos do CGX para o primeiro trimestre do ano, comentando a dificultade de nomear para algúns campionatos. Pregunta aos presentes se teñen algún comentario ou suxerencia de cara aos mesmos, non recibindo comentario ningún.

Eloy Bretal comenta o tema dos xurados. Comenta que hai xurados que foron excesivos en número de xuíces. Recorda a limitación do número de xuíces en probas de ruta non homologadas e con chips e a obrigación dos delegados de pedir autorización para superar ese número. Insiste ademais no sentido común á hora de decidir o número de xuíces para unha competición, non quedando cortos pero tampouco excedéndose.

Pásase ao punto de Rolda de intervencións dos asistentes:

Javier Guijarro comenta o tema de que varias empresas de chips non envían os resultados como ordena o protocolo e o contrato coa FGA. Debátese o tema e acórdase que cando ocorran estes casos, se debe informar de inmediato ao CGX e á FGA. Insístese aos delegados que lles comenten aos xuíces que o Xuíz Xefe de transpondedor debe pedirle á empresa que envíe un Excel cos resultados tal e como exige o protocolo. Se o nega, debe comentarse expresamente no informe e informar ao delegado e ao CGX.

David Corredoira comenta que na súa delegación hai moitos xuíces sen uniforme. O presidente informa que foi un compromiso do presidente na última asemblea tras un rogo de Concepción Pérez e o CGX trasladará esta semana as necesidades da FGA para que proceda a realizar o pedido cando o presidente da FGA o autorice.

Guillermo Sandino trata o tema dos uniformes para xuíces que actúan en Galicia pero non pertencen ao CGX (son xuíces doutras comunidades). Coméntase que noutras comunidades se lles cobra aos nosos xuíces o uniforme se queren actuar. Hai bastante acordo no tema de que debe de cobrarse. O presidente pide que se vote o tema. Guillermo Sandino antes da votación quere facer constar a postura trasladada por Rocío López, delegada de Coruña, que non é favorable de cobrar o uniforme xa que son xuíces que colaboran con nós.

### **Votación: Cobro do uniforme de xuíz aos xuíces non pertencentes ao CGX**

Votos a favor: 12

Votos en contra: 0

Abstencións: 3

Decídese por maioría absoluta cobrar o uniforme aos xuíces que non pertencen ao CGX. A FGA porá un prezo ao mesmo. Estudarase a posibilidade de descontalo das actuacións.

Montserrat Barrio comenta se é posible ofrecer comprar unha parka ou descontala das actuacións. Debátese o tema con opinións encontradas pero non se chega a un acordo para isto.

Eloy Bretal comenta o tema dun segundo polo para os xuíces de máis actuacións. Hai bastante acordo e Eloy Bretal comenta que se a Xunta Directiva o autoriza, o CGX pode facerse cargo dese segundo polo para os xuíces con maior número de actuacións se a FGA non pode asumir ese gasto. Hai unanimidade nesta alternativa.

Jorge Blanco comenta que en cada delegación se debería organizar un seminario interno para que os xuíces con menos experiencia poidan aprender a ser xuíces árbitros ou directores de reunión. Debátese o tema comentando que isto é responsabilidade das delegacións pero que normalmente onde se aprende é na pista sendo axudado por xuíces con máis experiencia.

Concepción trata o tema da organización de cursos RFEA. Coméntase que se pedirá á RFEA este ano un curso de dirección técnica para cubrir as delegacións con máis déficit de xuíces deste panel. Ángel López-Montesinos encargarse dos trámites para a súa solicitude.

Berta pregunta que pasa se unha proba pasa de 6 horas, se se contabiliza como xornada e media ou 2 xornadas. Eloy Bretal comenta, tras dar varios argumentos, que debe ser xornada e media. De todas formas, no caso das combinadas pode contemplarse como proba especial en base ao cómputo de xornadas, pero dirase previamente. Tamén quere insistir en cumprir o acordo previo de que se estás de Director de Reunión e non envías o xurado non debe cobrarse, xa que hai xuíces que non teñen cobrado probas por non presentar o DR o xurado. Hai acordo xeral en insistir neste tema.

Dolores Rojas pide que se engada un novo campo ao modelo do xurado coa hora de finalización da última proba. Acórdase engadilo. Remárcase que, ante discrepancias entre a palabra dun xuíz nunha reclamación para cobrar e a do Director de Reunión, a palabra do Director de Reunión ten prioridade, así que os directores de reunión deben ser correctos nos xurados. Hai tamén unanimidade nesta afirmación.

Montserrat Barrio traslada a petición de pantalóns cortos para o verán debido á calor. Coméntase o tema pero non se apoia a dita petición.

Manuel Garrido trata o tema do panel de saídas. Comenta que en febreiro fará un curso en Lugo e que se pode invitar a algún doutra delegación. Eloy Bretal di que propoña el se é necesario formar nalgunha outra delegación pero non se pode abrir a todas por temas orzamentarios. Comenta tamén Manuel Garrido que fará limpeza do panel tendo en conta o nivel de actuacións dos xuíces e as renovacións. Informa á Xunta Directiva que é probable que no futuro haxa un seminario de saídas do CNJ en Galicia.

Dolores Rojas, con respecto á marcha, di que necesitamos xente do panel B xa que están actuando os mesmos na maioría das probas. Comprende que este ano, ao ter o curso de Dirección Técnica, non será posible por falta de recursos pero que no 2020 desexaría formular a súa organización.



Tras a intervención de Dolores Rojas, o presidente tras constatar que non hai máis preguntas, dá por rematada a reunión sendo as 19:30. Agradece aos presentes a súa asistencia e achegas e desexándolles unha boa viaxe.

A Coruña, 29 de xaneiro de 2019



Asdo./ Guillermo Sandino Leira  
(*secretario do CGX*)